



BOLETIN BREXIT

EDICIÓN – 31/05/2022

Este boletín describe unha visión xeral do Modelo Básico para as importacións: os procesos que deben seguir todos os movementos de mercadorías a partir de xaneiro de 2022 unicamente como unha guía. Non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que poden aplicarse a un movemento de mercadorías. Trátase só dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos aplicables a determinados movementos de mercadorías.

1. Controis á importación – exténdense os prazos de implementación

Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) está realizando unha adopción por etapas para a introdución de controis sanitarios para as plantas e os produtos derivados importados desde a Unión Europea (UE). Esta adopción por etapas iniciouse no mes de xaneiro de 2021 e estaba previsto que rematase no mes de xullo de 2022. A Facenda británica (HMRC, en inglés *“Her Majesty Revenue & Customs”*) anunciou que os controis á importación en bens da UE a Gran Bretaña orixinalmente previstos para o mes de xullo de 2022 finalmente non se introducirán no ano 2022. Os controis que a data de hoxe xa foran introducidos permanecerán en vigor. A HMRC publicará unha actualización en relación cos novos controis á importación no outono do ano 2022. Os principais controis a Bens da UE que se pospoñen son os seguintes:

- O requisito para que os controis sanitarios e fitosanitarios (SPS) en importacións da UE sexan levados nos Postos de Control Fronteirizo (BPCs). No seu lugar, seguirán realizándose no destino final. Isto resulta de aplicación tanto a animais vivos como a produtos embrionarios e as plantas e os produtos derivados de alto risco.

- O requisito para as declaracións de seguridade en importacións da UE. As devanditas declaracións de seguridade en importacións de bens da UE e outros territorios que non as requirían antes do 1 de xaneiro de 2021, deberán introducirse a partir do 1 de xullo de 2022 pero xa non será así nesa data. O goberno británico publicará un Modelo Operativo Obxectivo no outono de 2022 que establecerá o novo réxime da HMRC en controis fronteirizos á importación e establecerá como obxectivo finais de 2023 como a nova data de implementación.

- O requisito para un maior control dos produtos sanitarios e fitosanitarios para importacións da UE. Isto resultará de aplicación a produtos de orixe animal, plantas e produtos derivados regulados e subprodutos de orixe animal.

- Prohibicións e restricións á importación da carne conxelada desde a UE.

2. Os produtos orgánicos importados desde a UE, Noruega, Islandia, Liechtenstein e Suíza a Gran Bretaña non requirirán un certificado de inspección (COI) ata máis noticias.

Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) reconece á UE, Noruega, Islandia e Liechtenstein como territorios equivalentes no que respecta ao comercio de produtos orgánicos ata o 31 de decembro de 2023.

Os produtos alimenticios e de alimentación animal certificados como orgánicos na UE, Noruega, Islandia e Liechtenstein aceptaranse como tales na Gran Bretaña ata o 31 de decembro de 2023.

3. A Facenda británica (HMRC) insta ás empresas a trasladarse xa á nova plataforma aduaneira electrónica para continuar coas operacións comerciais.

A HMRC insta ás empresas a trasladarse a súa nova plataforma aduaneira telemática agora mesmo para continuar coas operacións comerciais e estase dirixindo a estas para asistir cos cambios.

Independentemente de se realizan de forma directa as declaracións ou se utilizan un intermediario, a HMRC está advertindo para realizar un plan de transición ao Sistema de Declaración Aduaneira e executar o mesmo. Prevese que a preparación necesaria poida levar tempo e canto antes se inicie a devandita transición máis sinxela será de levar a cabo.

O Servizo de Declaración Aduaneira soporta a realización de declaración de importación e exportación nos supostos de traslado de bens dentro e fóra do Reino Unido. É unha plataforma IT duradeira, segura e adaptable, que reemplaza ao sistema de xestión aduaneira de importación e exportación de cargas (CHIEF¹, “*Customs Handling of Import and Export Freight*”) e é o primeiro paso na transformación fronteiriza do Reino Unido.

O Sistema CHIEF deixará de operar para as declaracións de importación a partir do 30 de setembro de 2022. Así mesmo, a capacidade para realizar declaracións de exportación rematará o 31 de marzo de 2023 e o servizo CHIEF deixará de estar operativo a todos os efectos.

Avantaxes do Servizo de Declaración Aduaneira

O Servizo de Declaración Aduaneira aforra tempo ás empresas da seguinte forma:

¹ N.T.: As siglas conforman a palabra “XEFE” en inglés.

- Permitindo a presentación de documentos aduaneiros dixitalmente e de forma segura mediante o servizo de Subida Segura de Arquivos.
- Facilitando o acceso a toda a información financeira nun único panel onde se poderá ver o estado das contas, realizará pagos e comprobar o estado das autorizacións.
- Recibindo notificacións e alertas en tempo real das declaracións e movementos aduaneiros.
- Permitindo xestionar as finanzas das empresas mediante a apertura dunha conta de aranceis diferidos, realizando pagos con tarxeta ou transferencia que eviten retrasos na entrada.